

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

AUGAS DE GALICIA

ANUNCIO do 7 de agosto de 2025, do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Norte, polo que se somete a información pública unha solicitude de investigación de augas subterráneas no concello de Abegondo (expediente DH.A15.109337).

En cumprimento do previsto no artigo 109 do Regulamento do dominio público hidráulico, en relación ao artigo 179 do RDPH, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público que se está a tramitar a seguinte solicitude de investigación de augas subterráneas:

Solicitante: Concello de Abegondo.

Orixe: 5 sondaxes.

Sondaxes no contorno de Beche (rego Roufrío)

	X (ETRS-89)	Y (ETRS-89)	Parroquia (concello)
P1	556344	4781093	Vizoño (Abegondo)
P2	556547	4781267	Folgoso (Abegondo)
P3	556401	4781344	Folgoso (Abegondo)
P4	556374	4781402	Folgoso (Abegondo)

Sondaxe no contorno do rego Manteiga (ou San Bartolomé)

X (ETRS-89)	Y (ETRS-89)	Parroquia (concello)
553813	4780370	Montouto (Abegondo)

Masa subterránea: Mero-Mandeo (código ES014MSBT014-010).

Destino: abastecemento á poboación.



Descrición:

O Concello de Abegondo solicita realizar unha investigación de augas subterráneas a partir da perforación de 5 sondaxes e así poder estudar as propiedades hidráulicas dos materiais do subsolo, de xeito que permitan avaliar a posibilidade de captar auga en cantidade e calidade suficiente para o consumo humano.

As catro primeiras sondaxes realizaranse no contorno do encoro de Beche e no río Roufrío, co fin complementar a traída municipal ante problemas de garantía de subministración en cantidade e/ou calidade. Tamén propón unha sondaxe no contorno do rego de Manteiga ou San Bartolomé, co fin de abastecer catro lugares da parroquia de Montouto (A Casanova, O Couto, A Fraga e O Franco).

O proxecto pode consultarse na sección participación pública do portal da internet de Augas de Galicia (<https://augasdegalicia.xunta.gal>), e nas oficinas deste servizo territorial situadas na rúa Vicente Ferrer, 2, 9º andar, 15008 da Coruña (A Coruña); para facilitar esta consulta poderá solicitar cita previa no teléfono 981 18 25 30.

Os interesados poderán presentar alegacións durante o prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 7 de agosto de 2025

Néstor Rodríguez Arias
Xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Norte

CVE-DOG: xpvhjwh9-g4b1-eic5-v2v0-f909aunrk5a6

